



XORNADA

Faite Profesional de Tecnoloxías Informáticas na Arquitectura

Eloi Coloma Picó (Valencia, 1976)

Formación: Arquitecto. Doutorado en BIM

- Que representan as tecnoloxías informáticas en arquitectura?

As tecnoloxías informáticas en arquitectura representan un medio para que os axentes que interveñen durante todo o ciclo de vida da construción poidan traballar xuntos para levar o proxecto adiante, executalo e logo explotalo da forma máis proveitosa e eficiente posible.

Actualmente, a informática permite crear modelos que poden albergar gran parte do coñecemento que todos eles teñen sobre o motivo do seu traballo, co que o seu potencial é enorme, xa que permiten falar de maneira obxectiva sobre as cuestións nas que se deben poñer de acordo.

Por outra banda, a simulación de todo tipo de comportamentos, desde o enerxético ata os relacionados co custo ou a planificación, permite predicir con moita máis exactitude o resultado que terá cada decisión que se tome. Deste xeito, conséguese que os implicados nestas decisións poidan facelo de maneira máis informada e consensuada.

- Como se chega a esta especialización?

Persoalmente cheguei a ela a través da investigación e, a partir de aquí, a partir do convencemento de que o aproveitamento da tecnoloxía podía incidir decisivamente na mellora do sector desde un punto de vista global. A partir de aquí, empecei o meu labor como consultor e docente.

Afortunadamente, hoxe existen numerosos programas de formación, desde cursos especializados ata másteres como o que persoalmente dirixo, que permiten a calquera profesional do sector especializarse nesta disciplina. Pero tamén é importante facer notar que a especialización demanda moita iniciativa e emprendemento. Coma co resto de sectores tecnolóxicos, a capacidade de auto-aprender e de xerar innovación é fundamental.



XORNADA

Faite Profesional de Tecnoloxías Informáticas na Arquitectura

- Que oportunidades de futuro representa?

As Tecnoloxías da Información aplicadas ao sector da construción representan un cambio de modelo de negocio porque cambian a proposta de valor que cada un de nós, individualmente e no seo dunha empresa, podemos ofrecerlles aos nosos clientes e colaboradores.

Isto implica por si mesmo unha grande oportunidade nun sector bastante estancado que, porén, ten un impacto económico, social e ambiental moi grande. Hai moito por inventar e por implantar, especialmente cando se formulan as oportunidades de negocio de xeito creativo implicando axentes que tradicionalmente non están presentes en determinados produtos ou servizos.

- Que consellos lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta especialización?

O primeiro que aconsellaría é que se atrevan a innovar e a crer na súa capacidade de aprender. Isto é fundamental. O mundo da TI está moi ben documentado e hai moitas posibilidades. O segundo consello é que se formen de maneira consciente e continuada. A formación pode aforrarte horas de traballo e estudo en temas que xa están consolidados para que, precisamente, poidas sacar proveito do resto do tempo en explorar o que non está consolidado e crear a túa propia vantaxe competitiva. Por último é que busquen alianzas. So podes facer moi pouco, pero con verdadeiros compañeiros non hai límites escritos. Aprender a colaborar é moi importante neste novo escenario.